

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :


Punto único. Preguntas

- 1.1 7648 (10/POC-001328)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 7 máis
Sobre o número de concellos galegos adheridos na actualidade á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, as vantaxes derivadas desa adhesión e as medidas que está a adoptar esa axencia para incrementar o seu número, así como as actuacións que se están a levar a cabo para ampliar as competencias dese organismo co obxectivo de reforzar a loita contra o feísmo urbanístico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017
- 1.2 7835 (10/POC-001368)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre o impacto medioambiental da construción dun embarcadoro entre as praias da Iriña e da Panadeira polo do Real Club Náutico de Sanxenxo, o control levado a cabo polo Goberno galego ao respecto e as razóns da autorización a unha empresa privada para a súa explotación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017
- 1.3 8188 (10/POC-001424)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o desenvolvemento da convocatoria de axudas para actuacións de mellora da Rede Natura 2000 nos anos 2016-2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

24 MAI. 2017

Núm. 2768

- 1.4 8232 (10/POC-001430)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre as actuacións previstas por Augas de Galicia co fin de tramitar unha modificación puntual do Plan de xestión do risco de inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, para delimitar en Sada unha área de risco potencial significativo de inundación, así como os trámites iniciados ou previstos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co obxectivo de promover o asinamento dun convenio de colaboración co Concello de Sada para a execución das obras necesarias co propósito evitar novos asolagamentos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017
- 1.5 8344 (10/POC-001459)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas empresas circenses que actúan de xeito reiterado sen permiso municipal e a suspensión de calquera tipo de permiso a circos que usen animais nos seus espectáculos, mentres non entre en vigor a prohibición reflectida no Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017
- 1.6 8667 (10/POC-001531)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 13 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co proceso de participación social levado a cabo para a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia, os criterios que van primar na aprobación do Plan de transporte público de Galicia e a súa incardinación nun proxecto para o medio rural, así como a metodoloxía de elaboración e implementación da enquisa realizada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017
- 1.7 8781 (10/POC-001541)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o contido do novo Plan de transporte de Galicia, as alternativas que está a valorar a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para garantir o servizo de transporte de viaxeiros cando desaparezan as 578 liñas de autobús, así como a valoración do aproveitamento da caducidade das concesións do transporte terrestre para reorganizar e redeseñar o



servizo con criterios de intermodalidade naquelas comarcas onde existe tren

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 116, do 19.05.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 24/05/2017 12:15:46